



Guía Docente

Datos Identificativos					2023/24
Asignatura (*)	Contacto de linguas e as súas consecuencias		Código	613836093	
Titulación	Mestrado Universitario en Lingüística Aplicada (2013)				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Mestrado Oficial	2º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3	
Idioma	CastelánGalegoInglésPortugués				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Letras				
Coordinación	Alvarez Caccamo, Celso Maria	Correo electrónico	celso.alvarez.caccamo@udc.es		
Profesorado	Alvarez Caccamo, Celso Maria	Correo electrónico	celso.alvarez.caccamo@udc.es		
Web					
Descrición xeral	Este é un curso de introdución ao estudo do contacto de linguas e as súas consecuencias, así como dos factores sociais e lingüísticos que regulan os cambios motivados polo contacto lingüístico. Abordaranse diversos fenómenos de contacto desde perspectivas estruturais, sociolingüísticas, psicolingüísticas e comunicativas, con especial atención aos procesos xerais que entran en funcionamento nas diversas situacións de contacto de linguas.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecemento dos principios básicos, as técnicas fundamentais e algúns resultados destacados da investigación actual en lingüística.
A2	Capacidade para comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas.
A3	Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística.
A5	Capacidade para a selección axeitada de datos lingüísticos en función do método de investigación elixido.
A8	Obtención dun nivel de formación teórica que permita comprender e vulgar criticamente a bibliografía lingüística especializada.
A9	Capacidade para xestionar os recursos lingüísticos e a información lingüística para propósitos académicos e de investigación (identificación e acceso a bibliografía, utilización apropiada de recursos e equipamentos, utilización de tecnoloxía para rexistrar datos, manexo de bases de datos, etc.)
B1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación.
B2	Que os estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
B4	Que os estudantes saiban comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan? a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades.
B5	Que os estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo.
B6	Capacitación dos estudantes para que adquiren coñecementos lingüísticos especializados e habilidades para analizar criticamente as propostas máis relevantes no ámbito dos estudos lingüísticos.
B9	Capacidade dos estudantes para abrir vías de investigación novidosas no ámbito dos estudos lingüísticos, dotándoas de aplicación práctica para a súa transferencia a distintos ámbitos profesionais
C1	Expresión correcta, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valoración da importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Comprender que as linguas non viven nun baleiro social.	AI1 AI2 AI3 AI5 AI8 AI9	BI1 BI2 BI4 BI5 BI6 BI9	CM1 CM8
Gañar respecto polos resultados do contacto lingüístico.	AI1 AI2 AI3 AI5 AI8 AI9	BI1 BI2 BI4 BI5 BI6 BI9	CM1 CM8
Entender as tensións subxacentes nos discursos sobre as consecuencias do contacto de linguas.	AI1 AI2 AI3 AI5 AI8 AI9	BI1 BI2 BI4 BI5 BI6 BI9	CM1 CM8
Familiarizarse con diversos métodos de investigación en lingüística e sociolingüística.	AI1 AI2 AI3 AI5 AI8 AI9	BI1 BI2 BI4 BI5 BI6 BI9	CM1 CM6 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Tipoloxía de situacións de contacto de linguas	Tipos de bilingüismo individual; bilingüismo equilibrado, bilingüismo coordinado e composto; semilingüismo; modelos da competencia bilingüe; gramática ou gramáticas; aprendizaxe de L2: lingua-fonte e lingua-obxectivo, fosilización e interlingua.
2. Fenómenos derivados do contacto de linguas	Bilingüismo, multilingüismo e hiperdiversidad. O cambio inducido polo contacto de linguas. O paradigma da interferencia lingüística. A alternancia e o cambio de códigos. Mantemento, substitución e extinción lingüística. Outras consecuencias do contacto lingüístico: converxencia, diverxencia e relexicalización.
3. Pidgins e crioulos	Pidgins e crioulos. O contacto de linguas e os procesos de pidginización e de criolización. Propiedades formais de pidgins e crioulos. Situacións que favorecen a creación de pidgins e de crioulos. Xeografía e demografía de pidgins e crioulos.
4. O contacto lingüístico galego-castelán	Consecuencias formais. Consecuencias funcionais. Do purismo á hibridación. Os neofalantes.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A8 B1 B4 B6 C1 C8	10	0	10
Lecturas	A1 A2 A3 A5 A8 A9 B6 C8	0	35	35



Obradoiro	A1 A3 A5 A8 A9 B1 B2 B4 B5 B6 B9 C1 C6 C8	2	3	5
Recensión bibliográfica	B2 B4 B5 B9 C1	3	20	23
Atención personalizada		2	0	2
*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Explicacións dos profesores.
Lecturas	Lecturas organizadas en bloques temáticos, seleccionadas polos profesores.
Obradoiro	Combinaranse diversas metodoloxías (estudos de caso, solución de problemas, discusións dirixidas...) e desenvolveranse tarefas eminentemente prácticas co apoio e supervisión dos profesores, co fin de asentar os contidos aprendidos mediante a súa aplicación.
Recensión bibliográfica	Sobre as lecturas indicadas polos profesores realizarase un breve informe, axustado ao formato que se explicará o primeiro día de curso.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Recensión bibliográfica	Asesoramento sobre a realización das recensións bibliográficas.
Obradoiro	Poderánse adoptar as adaptacións oportunas para o estudantado con modalidades específicas de aprendizaxe.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Sesión maxistral	A1 A2 A3 A5 A8 B1 B4 B6 C1 C8	Comprende a asistencia e participación nas sesións presenciais.	15
Recensión bibliográfica	B2 B4 B5 B9 C1	A puntuación neste apartado consistirá na nota media dos informes de lectura.	65
Obradoiro	A1 A3 A5 A8 A9 B1 B2 B4 B5 B6 B9 C1 C6 C8	Comprende todas as actividades e tarefas, tanto as desenvolvidas na aula como as encomendadas para traer preparadas, exceptuando as recensións bibliográficas.	20

Observacións avaliación



Entrega semanal das distintas actividades. Dado que a avaliación continua é o método de avaliación que se seguirá, os/as estudantes deberán realizar cada semana unha actividade avaliabile (recensión bibliográfica, traballo tutelado, solución de problemas, etc.).

Cualificación de Non Presentado. Recibirán cualificación de Non

Presentado (N.P.) solo aquelas persoas que entreguen ou realicen menos

de tres actividades avaliabes das encomendadas dentro da metodoloxía obradoiro ou recensión bibliográfica.

Segunda oportunidade. Quen non acade a cualificación mínima de 5 puntos ao final do período lectivo, deberá entregar, antes da data de xullo que se indique, os traballos non entregados no seu momento ou ben repetir os avaliados negativamente, segundo o caso. A asistencia ás sesións de clase non é recuperable nesta segunda oportunidade.

Estudantes con dispensa académica oficial (DAO) recoñecida. Non se considerará a porcentaxe correspondente a "Sesión maxistral". A puntuación alcanzada nos

traballos encomendados suporá o 100% da nota final, tanto na primeira como na

segunda oportunidade, distribuída proporcionalmente aos apartados "Obradoiro" (18,75%) e "Recensión bibliográfica" (81,25%).

A materia poderá adaptarse para o estudantado que precise medidas de apoio á diversidade (física, visual, auditiva, cognitiva, de aprendizaxe ou relacionada coa saúde mental). O/a estudante que se atopa nesta situación debe contactar cos servizos dispoñibles na UDC nos prazos oficiais marcados antes de cada cuadrimestre académico: a Unidade de Atención á Diversidade (<http://www.udc.gal/cufieU/ADI/>). Pódese contar tamén co asesoramento do Tutor ou Tutora ADI da Facultade de Filoloxía. En calquer caso, se solicitaron que lles sexa recoñecida a condición de estudante con adaptación e aínda non se lles comunicou a decisión, deben informar ao coordinador da materia (celso.alvarez.caccamo@udc.gal).

As condutas irregulares e ilexítimas na realización das actividades, tarefas ou probas (suplantación da identidade, plaxio, copia, falsificación ou compra de traballos, recepción de axuda doutras persoas, utilización de respostas ou solucións doutros anos, utilización de recursos informáticos ou doutro tipo non autorizados, etc.), acarretan automaticamente a cualificación de Suspenso (0) nesa tarefa ou exame, e, dependendo da súa gravidade, poden acarretar Suspenso (0) na oportunidade correspondente. Lémbrese a este respecto que o Regulamento disciplinar do estudantado da UDC recolle que a fraude académica é unha falta grave ou moi grave, e establece as sancións para estes casos, incluíndo a expulsión temporaria da Universidade; véxanse, entre outros, os artigos 10.3.f e 11.4.b (https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2023/007335).

O material distribuído polo profesorado nas aulas ou polo Campus Virtual ou outras plataformas é de uso exclusivo para a materia. Non se permite de maneira nengunha o seu uso ou distribución para outros propósitos, por medios virtuais, nin para persoas alleas ao curso. A vulneración destas restricións está recollida como falta no Regulamento disciplinar do estudantado da UDC.

Non se permite a gravación por ningún medio das sesións de aulas, fora das realizadas polo profesorado para posíbeis fins de ensino virtual, e as realizadas para estudantes con adaptación. A gravación e utilización non autorizadas son recollidas como faltas graves no Regulamento disciplinar do estudantado da UDC.

Fontes de información

Bibliografía básica

- Appel, René; Muysken, Pieter (1996). Bilingüismo y contacto de lenguas. Barcelona: Ariel
 - Baker, Colin; Prys Jones, Sylvia (1998). Encyclopedia of Bilingualism and Bilingual Education. Clevedon: Multilingual Matters
 - Crystal, David (2014 [2000]). Language death. Cambridge: Cambridge University Press
 - Matras, Yaron (2009). Language contact. Cambridge: Cambridge University Press
 - Moreno Cabrera, Juan Carlos (2015). Multilingüismo y contacto de lenguas. Madrid: Síntesis
 - Thomason, Sarah G. (2001). Language contact: An introduction. . Edimburgo: Edinburgh University Press.
 - Winford, Donald (2003). An Introduction to contact linguistics. . Oxford: Blackwell.
- Unha selección de lecturas obrigatorias (artigos e capítulos de libros), preparada polo profesorado (arredor de 200 páxinas), tanto da bibliografía indicada canto doutras obras ou de revistas especializadas.



Bibliografía complementaria

- Auer, Peter (ed.) (1998). Code-switching in conversation: Language, interaction and identity. London: Routledge
- Bakker, P.; Maarten, M. (eds.) (1994). Mixed Languages. Amsterdam: IFOTT
- Bullock, Barbara; Toribio, Jacqueline (eds.) (2009). Cambridge handbook of code-switching. . Cambridge: Cambridge University Press.
- Carvalho, Ana (ed.) (2009). Português em contato. Madrid: Iberoamericana / Frankfurt am Main: Vervuert
- Clements, Clancy (1993). The linguistic legacy of Spanish and Portuguese: colonial expansion and language change. . Cambridge: Cambridge University Press.
- Clyne, Michael (2003). Dynamics of language contact: English and immigrant languages. . Cambridge: Cambridge University Press.
- Coetsem, Frans van (2000). A general and unified theory of the transmission process in language contact.. Heidelberg: Winter.
- De Swaan, Abram (2001). Words of the World. Cambridge: Polity Press
- Durban, Robin (1996). Grooming, Gossip and the Evolution of Language. Londres: Faber and Faber.
- Eckert, Penelope (2000). Linguistic Variation as Social Practice. Oxford: Blackwell.
- Escobar, Anna María (2000). Contacto social y lingüístico. El español en contacto con el quechua en el Perú. San Miguel: Pontificia Universidad Católica del Perú
- Etxebarria, Maitena (2002). La diversidad de lenguas en España. Madrid: Espasa Calpe
- Gal, Susan (1979). Language shift. Social determinants of linguistic change in Bilingual Austria. San Francisco: Academic Press
- Gardner-Chloros, Penelope (2009). Code-switching. Cambridge: Cambridge University Press.
- Grosjean, François (1982). Life with two languages: An introduction to bilingualism. Cambridge, Mass.: Harvard University Press
- Gumperz, John J. (1971). Language in social groups. Stanford: Stanford University Press
- Gumperz, John J. (1982). Discourse strategies. Cambridge: Cambridge University Press
- Gumperz, John J. (ed.) (1982). Language and social identity. Cambridge: Cambridge University Press
- Heine, Bernd; Kuteva, Tania (2005). Language contact and grammatical change. . Cambridge: Cambridge University Press.
- Hickey, Raymond (ed.) (2010). The handbook of language contact. . Oxford: Blackwell.
- Hoffmann, Thomas; Siebers, Lucia (eds.) (2009). World Englishes: problems, properties, prospects. . Amsterdam / Filadelfia: John Benjamins.
- Klee, Carol A.; Lynch, Andrews (2009). El español en contacto con otras lenguas.. Washington DC: Georgetown University Press.
- Lehiste, Isle (1983). Lectures on language contact. . Cambridge (Mass.) MIT Press.
- Miracle, Jr., Andrew W. (ed.) (1983). Bilingualism: Social issues and policy implications. Athens, GA: The University of Georgia Press
- Mufwene, Salikoko (2008). Language evolution: Contact, competition and change. . Londres: Continuum.
- Myers-Scotton, Carol (1993). Social motivations for code-switching: Evidence from Africa. . Oxford: Clarendon Press.
- Piller, Ingrid (2016). Linguistic diversity and social justice. An introduction to applied sociolinguistics.. Oxford / New York: Oxford University Press.
- Rampton, Ben (1995). Crossing: language and ethnicity among adolescents. . Londres / New York: Longman.
- Romaine, Suzanne (1996). El lenguaje en la sociedad. Una introducción a la sociolingüística. Barcelona: Ariel
- Schneider, Edgar (2007). Postcolonial English: Varieties around the world. . Cambridge: Cambridge University Press.
- Silva Corvalán, Carmen (ed.) (1997). Spanish in four continents: Studies in language contact and bilingualism. . Washington, D.C.: Georgetown University Press.
- Thomason, Sarah G. (1997). Contact languages: A wider perspective. . Amsterdam / Philadelphia: John Benjamins.
- Thomason, Sarah G. (2001). Language contact: An introduction. Edimburgo: Edinburgh University Press.
- Thomason, Sarah G.; Kaufman, Terrence (1988). Language contact, creolization and genetic linguistics.. Berkeley: University of California Press.



- Trudgill, Peter (1986). Dialects in contact. . Oxford: Blackwell.
 - Weinreich, Uriel (1953). Languages in contact: Findings and problems. . La Haya: Mouton.
-



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
Para un resultado satisfactorio é imprescindible traballar de xeito continuado ao longo de todo o curso.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías